



Excmo. Concello  
da Estrada  
(Pontevedra)

**CONCELLO DA ESTRADA  
COMISIÓN DE EXPERTOS EN CULTURA,  
HISTORIA E TOPONIMIA LOCAL**

Na Sala de Xuntas da Casa Consistorial da Estrada, reúnen-se os membros da Comisión de expertos en cultura, historia e toponimia local que a continuación se relacionan: D. Olimpio Arca Caldas, D. Hernesto David Otero Fernández, D. Xoán Carlos Garrido Couceiro, D. Xosé Luna Sanmartín e D. Valentín García Gómez que actúa como secretario, e proceden á redacción do dictame - proposta que lles foi encomendado pola Comisión Mixta de Cultura e Urbanismo celebrada o 1 de xullo de 2002, cos puntos e contido que de seguido se relacionan:

Anexo ó dictame, contéplanse algunhas recomendacións que teñen que ver coa designación, distribución, utilización e aproveitamento de lugares de uso público e común que coidamos deben ser obxecto de especial atención por parte da Corporación do Concello da Estrada.

Por outro lado a Comisión incorpora ó presente dictame unha serie de nomes "pendentes" de designación de rúa en cada un dos epígrafes marcados, por non haber na actualidade viais dispoñibles abertos, pero que poderían ser empregados cando a Corporación así o decida.

A Comisión acorda por unanimidade propoñer á Corporación a designación das rúas que de seguido se relacionan atendendo ós criterios fixados na devandita Comisión de Cultura e Urbanismo tal e como segue:

**1. RESPECTO Á TOPONIMIA ANTERIOR**

Neste apartado encádranse os nomes relativos á recuperación da microtoponimia popular existente na nosa vila, e que foi recollida polos integrantes desta Comisión. Con este acto preténdese a conservación e utilización dos topónimos máis populares da Estrada, así como a fixación da referencia que moitos lugares teñen para nós.

*(Handwritten signatures and initials)*



Excmo. Concello  
da Estrada  
(Pontevedra)

**Rúa Pozo do Barro:** para a 2ª travesía de Fernando Conde

**Rúa Catro Camiños:** para a rúa 24

• **Rúa A Costa:** para a estrada a Vinseiro

**Rúa Vila Brasil** para a 1ª Travesía de Fernando Conde.

**Rúa Camiño das Canteiras** para a rúa aberta entre a 2ª travesía de Marín e a diagonal á Avda de Marín, trazada paralela á Avda de Marín. Por atoparse próximo a antigas canteiras.

**Rúa dos Xardíns:** para a rúa Iryda. Poñendo en valor o espacio máis emblemático da vila, punto de encontro histórico e de lecer dos estradenses, debido tamén a que a súa propia ubicación suxire tal decisión e o improcedente que resulta o nome dun organismo da administración, por canto se entende que o desenvolvemento das súas funcións non constitúe mérito.

**Rúa Bedelle:** para a rúa nº 35.

**Rúa da Carballeira:** para a prolongación do Camiño do Cemiterio, na súa bifurcación esquerda baixando.

**Rúa do Souto:** para a prolongación do Camiño do Cemiterio, na súa bifurcación dereita baixando.

**Rúa Porto Verdura** para Calvo Sotelo. Recuperando o seu antigo nome, dun estradense exemplar que promoveu a construción de edificios emblemáticos na Estrada así como de proxectos avanzados para o seu tempo.

**Rúa Mari Isaura:** para os Xardíns Municipais. Pola importancia desta estradense de nacemento e o espírito de superación dunha soprano de 1ª orde no mundo da lírica e a zarzuela.

• **Praza do Mercado:** para a Praza Martínez Anido. Na restauración deste nome, tomouse como referencia a celebración do mercado existente na Estrada que se celebraba alí, rexistrándose nela aínda nos nosos días actividade comercial.

• **Rúa Peregrina,** para a rúa Capitán Bernal, alongando a existente rúa Peregrina





Excmo. Concello  
da Estrada  
(Pontevedra)

atendendo a criterios de significado do nome Peregrina, e operatividade urbanística.

- **Ruela da Fonte.** Recuperación do nome para esta pequena rúa peonil que une a rúa Manuel García Barros coa rúa Irmáns Valladares.

**Antigo Camiño Real.** Sinalización para todos os fragmentos que quedan do antigo Camiño Real, perpendiculares ás rúas Justo Martínez e Pérez Viondi.

**Camiño Real a Padrón:** Une a Avda. de Santiago coa estrada a Santiago

**Rúa dos Ramos:** Para a prolongación da rúa Antón Losada Diéguez (actual rúa T).

## 2. PERSOEIROS OU REFERENCIAS DA CULTURA LOCAL

**Rúa Ramón García Vereá** Para a actual 2ª Trav. Da Avda. de América. Nacido en Curantes no S XIX emigrante, inventor dunha máquina de cálculo, fundador da revista El Progreso en Cuba.

**Rúa Bernardo Rodríguez.** Para a 1ª Travesía da Avda. de América. Dedicada ó sobranceiro emigrante de S. Xio de Veá, académico da RAG e persoeiro da nosa emigración en Arxentina. Actualmente este nome xa lle foi outorgado á rúa por acordo plenario.

**Praza Virixinia Pereira.** Actual praza existente na Avda. de Vigo, fronte á Trav. Da Avda. de Vigo, pola residencia que tivo a estradense que foi dona de Castelao neste lugar e horas de permanencia nesta praza.

**Rúa Pai Soarez de Tabeirós.** Para a Trav. Da Avda. Benito Vigo. Pola importancia do noso trovador como primeira mostra da nosa lírica no medievo.

**Rúa dos arrieiros.** Camiño que une A. Losada Diéguez coa rúa da Paz, á altura da rotonda. Lembrando a antiga ruta que pasaba por ese lugar e que deu pé á formación da vila da Estrada como cruce de camiños.

**Rúa Mártires da Estrada.** Para a rúa que une a Prza da Feira coa rúa 25 de xullo descendendo pola marxe esquerda do Campo da Feira. A todos os estradenses inmolados polas súas ideas.



Excmo. Concello  
da Estrada  
(Pontevedra)

**Rúa Pintor Morales:** Para a 2º Travesía da Avda. De Vigo, na lembranza dun dos nosos pintores locais autodidactas e significativamente popular.

### 3. PERSOEIROS OU REFERENCIAS DA CULTURA GALEGA

**Carballeira Antón Fraguas:** Para a carballeira situada na Zona Deportivo Cultural. Polo significado labor desenvolto polo egrexio mestre no Instituto de Ensino Secundario na Estrada.

**Rúa Alexandre Bóveda.** Para a rúa que une a Pza da Feira coa rúa 25 de xullo descendendo pola marxe dereita do Campo da Feira. En lembranza do insigne galeguista, no proceso de recuperación do seu nome e restitución da importancia da súa figura como exemplo de sacrificio polos demais, economista e redactor do Estatuto do 36, no ano do centenario do seu nacemento.

**Rúa Pintor Maside.** Para a 3ª Travesía da Avda. de América. Lembrando a presenza do pintor na nosa vila, da que se conserva a residencia de familiares nesta rúa.

### 4. VALORES UNIVERSAIS

**Rúa da Paz.** Para a rúa nº 56. Pola importancia que a paz ten como valor fundamental a inculcar na sociedade, nunha rúa que na actualidade é flamante porta estradense de Compostela.

**Rúa da Amizade.** Para a rúa nº 62, por ser lugar de recente chegada dun gran número de novos veciños.

**Rúa do Progreso.** Para a rúa recentemente aberta dende a Avda. de Santiago que unirá a rúa da Cultura coa rúa da Paz (actualmente nº 56).

**Rúa das Ciencias:** Na Zona Deportivo Cultural, une a rúa da Cultura coa rúa do Moble, no actual plano de poboación provisionalmente designada como *\*rúa da piscina*.

**Rúa dos Estudiantes:** Na Zona Deportivo Cultural, une a rúa da Cultura coa rúa da Irmandade Galega de Caracas, no actual plano de poboación provisionalmente designada como *\*rúa dos estudantes*.





Excmo. Concello  
da Estrada  
(Pontevedra)

**5. NOMES DE PAÍSES CON POBOACIÓN ESTRADENSE**

**Rúa República Arxentina:** Para a Trav. Da rúa Rosalía de Castro. Pola importancia deste país como aglutinador dun importante centro de Fillos da Estrada e lugar de acollida de multitude de galegos e galegas.

**Rúa Costa Rica:** Para a travesía da rúa Marín, por ser país de acollida dos nosos emigrantes.

**6. CONCELLOS LIMÍTROFES**

A Comisión acordou introducir un novo apartado no que se contemplase como nomes de rúas os concello limítrofes que aínda non o teñan, enriquecendo así os lazos de unión do extenso termo municipal da Estrada, en virtude das boas relacións de boa veciñanza que sempre houbo entre eles, e na mutua colaboración das súas poboacións, como constitutivas da sociedade estradense:

**Rúa de Cuntis:** Para a 1ª Trav. Da Avda. de Pontevedra.

**Rúa de Pontecesures:** Para a 2ª Trav. Da Avda. de Pontevedra.

**Rúa de Silleda:** Para a rúa 13.

**Rúa de Campo Lameiro:** Para a nº 14.

**Rúa de Valga:** Para a 1ª Travesía da rúa T

**Rúa da Arzúa:** Pola importante presenza na nosa vila de veciños orixinarios de tal concello.

A Estrada, 11 de marzo de 2003

Os membros da Comisión



Excmo. Concello  
da Estrada  
(Pontevedra)

## ANEXO

Existe escrito presentado pola Asociación de Veciños Virxe Peregrina con data 13 de decembro de 2002, no que se solicita a denominación \*D. Manuel Porto Verdura "O ESCOBEIRO" para a rúa Calvo Sotelo.

Existe escrito presentado pola Asociación de Veciños Virxe Peregrina con data 16 de agosto de 2002, no que se solicita a denominación a \*Praza da Peregrina que esta Comisión valora pero que sería pouco operativo por ser limítrofe coa rúa Peregrina.

Esta Comisión ten constancia da proposta veciñal para que a 3ª Trav. Da Aveda de América se designase Rúa Pintor Maside

A Comisión deixa constancia da necesidade de:

1. Crear **zonas verdes** que favorezan unha Estrada habitable e sostible, incluíndo nesta proposta **parques infantís e espazos de lecer** na vila.
2. Realizar á maior brevidade a execución do proxecto de dúas vías de circunvalación que faciliten o tránsito de tráfico na nosa vila.
3. Que se considere o embelecemento e o entorno apropiado da Pza de Galicia para que lle proporcione maior identidade á nosa vila.
4. CAMBIAR NOMES DE COLEXIOS: A Comisión suxire que o Concello se dirixa ós claustros dos centros de ensino para que teñan a ben cambiar a denominación dos mesmos, entendendo que as iniciativas das denominacións correspóndelles á comunidade escolar dos centros respectivos. Entendendo a efectos de orientación os nomes seguintes:

Dona Xosefa Varela Pazo  
D. Carlos Señorans  
D. José Docampo Vázquez (Conservatorio de música ou sala de ensaio da Coral)  
D. Javier Luces  
D. Manuel Bergueiro López  
etc





*Excmo. Concello  
da Estrada  
(Pontevedra)*

5. Atender a nomes de estradenses para posibles denominacións de centros e entidades cívicos, deportivos e culturais.

Pedro Varela de Castro  
José Beade (Pepucho Varela)  
Manuel Pazo  
Avelina Valladares  
Marcial Valladares

6. Nomes que quedan a ter en conta para futuras denominacións:

Concepción Arenal  
Rúa da Concordia  
Cuba  
Puerto de Sta María  
Badía de Cádiz

A Estrada, 11 de marzo de 2003  
Os membros da Comisión



Excmo. Concello  
da Estrada  
(Pontevedra)

D. José Manuel Reboredo Baños, Concelleiro Delegado de Cultura

PROPÓN Á COMISIÓN DE URBANISMO:

Que de acordo co ditame da Comisión constituída para tal efecto se aprobe o cambio de nome das seguintes rúas:

- 1 \* Rúa Capitán Bernal que pasaría a integrar a actual Avenida de América
- 2 \* Pza. Martínez Anido que pasaría a denominarse Pza. Do Mercado
- 3 \* Estrada a Vinseiro que pasaría a denominarse Rúa A Costa
- 4 \* Rúa 35 que pasaría a denominarse Rúa Bedelle
- 5 \* Rúa 24 que pasaría a denominarse Rúa Catro Camiños
- 6 \* 2ª Trav. Fernando Conde que pasaría a denominarse Rúa Pozo do Barro
- 7 \* Rúa T que pasaría a denominarse Rúa dos Ramos
- 8 \* 3ª Trav. ~~Ayda~~. De América que pasaría a denominarse Rúa Pintor Maside
- 9 \* Rúa da Piscina (une a Rúa da Cultura coa Rúa do Moble) que pasaría a denominarse Rúa das Ciencias
- 10 \* Rúa dos Estudantes (provisionalmente coñecida así, une a Rúa da Cultura coa Rúa da Irmandade Galega de Caracas) pasaría a denominarse definitivamente Rúa dos Estudantes
- 11 \* O tramo entre a Rúa García Barros e a Rúa Irmáns Valladares pasaría a denominarse Ruela da Fonte
- 12 \* A Prza. Avenida de Vigo pasaría a denominarse Pza. Virxinia Pereira

A Estrada, 15 de marzo de 2006

O Concelleiro Delegado de Cultura  
ASdo: José Manuel Reboredo Baños